

**Violeta Matas González**

Directora de turismo da FEMP, do Spain Convention Bureau e da Sección de Municipios con Augas Minerais e Termais

Violeta Matas González é técnico de empresas, licenciada en ciencias económicas e empresariales e Máster en dirección de marketing. Posúe un curso de Investigación Comercial, é experta universitaria en Análise de Mercado e ten realizado os cursos de Doutorado “Xeografía Humana: Territorio e Sociedade” na Facultade de Xeografía da Universidade Complutense de Madrid.

Actualmente é directora da área de turismo da Federación Española de Municipios e Provincias, do Spain Convention Bureau e da Sección de Municipios con Augas Minerais e Termais. Ten ocupado os cargos de responsable de Turismo do Principado de Asturias en Madrid, directora de Marketing na empresa Mirage Factory, xefa de marketing en Telemadrid e responsable de promoción da Sociedade Rexional de Turismo de Asturias.

Posúe unha ampla experiencia docente, salientando entre outros, o seu labor como profesora do Máster de "Dirección en Comunicación e Turismo" da Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Málaga; a súa participación como profesora desde o ano 2005 no "Máster sobre xestión sostible de destinos turísticos" da Universidade Aberta de Cataluña (UOC) e a Organización Mundial do Turismo (OMT) ou a súa experiencia docente no "Máster en organización de congresos, eventos e feiras" da Universidade de Deusto, entre 2003 a 2013.

Ten impartido numerosos relatorios relacionados coa calidade nos municipios turísticos, o turismo de reunións e congresos, a sostibilidade en municipios turísticos, a xestión dos municipios turísticos e os modelos innovadores de xestión turística local.